

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA,
CONCELLO DE REDONDELA E COMISIÓN DE FESTAS VIRXE DO CARME DE
CESANTES**

Pontevedra, de de 2014

REUNIDOS

Dunha parte D. RAFAEL LOUZÁN ABAL, Presidente da Excma. Deputación de Pontevedra, actuando na súa representación de conformidade coas competencias establecidas no Artigo 34.1.b da Lei 7/ 85 de 2 de Abril Reguladora de Bases de Réxime Local,

Doutra parte D. JAVIER BAS CORUGEIRA, Alcalde del Ilmo. Concello de Redondela, actuando na súa representación de conformidade coas competencias que lle confire a normativa legal vixente,

E doutra Dna. ROSA GONZÁLEZ CABALEIRO, Representante da Comisión de Festas Virxe do Carme de Cesantes, con CIF: V-36287696 e domicilio social na Rúa do Alto Nº 20 da parroquia de Cesantes (Redondela),

Tódalas partes intervinientes recoñécense plena capacidade para levar adiante o presente Convenio, e

EXPOÑEN

Que a Escola de Canteiros de Pontevedra, coma Servizo desta Excma. Deputación Provincial presta colaboración a diferentes Concellos da nosa provincia na celebración das súas festas tradicionais, a través de pezas escultóricas que as realzan, e que logo das mesmas, constitúen unha mostra expositiva permanente en tales términos municipais.





Que o Concello de Redondela e a Comisión de Festas da Virxe do Carme de Cesantes, queren dedicarlle unha escultura de granito a Virxe do Carme, coma homenaxe a toda a xente do mar, e en tal sentido


ACORDAN

PRIMEIRO.- O presente Convenio de Colaboración ten por obxecto a realización en granito silvestre pola Escola de Canteiros de Pontevedra coma homenaxe a xente do mar, dunha escultura da Virxe do Carme sobre base rectangular, para a súa ubicación na Praia de Cesantes, xunto a Virxe do Carme de madera existente no referido lugar.

SEGUNDO.- O Servizo da Escola de Canteiros promoverá a realización da mencionada escultura, acometendo a execución por un lado da virxe cunhas dimensíons de 2'70m. de alto X 1,20 m. de ancho e 0,70 m. de fondo, e por outro da base rectangular de 1'20m. X 0,80 m.X 0,50 m ., do muro separador das dúas imaxes (3'20 m. X 2'90m.X 0,25 m.) e da base para a virxe de madera (1,20m. X 0,80 m. X0,50 m.), asumindo o custe de dita realización, que ascende a contía global de **doce mil douscentos trinta e tres euros con dez céntimos(12.233'10 €)IVE** incluido, correspondendo **2.370'00 €** ó granito empregado para a confección do conxunto escultórico, **2.040'00 €** ós materiais téñicos especiais utilizados na súa elaboración que imputaránse á aplicación orzamentaria 14/324.323.221.15 e **5.700'00 €** ó traballo dos alumnos da Escola de Canteiros, con cargo á aplicación orzamentaria 14/324.323.481.02

TERCEIRO.- O Concello de Redondela asumirá os costes dos portes do conxunto escultórico ata o lugar sinalado para a súa ubicación, ase coma os costes da grúa necesaria para a súa instalación e acometerá as obras de cimentación precisas para o asentamento do conxunto.





CUARTO.- A Comisión de Festas Virxe do Carme de Cesantes, asumirá o mantemento e conservación da obra, ademais da iluminación do conxunto escultórico-artístico.

QUINTO.- No conxunto expositivo deberá figurar que a súa instalación foi financiada pola Deputación Provincial de Pontevedra e que a súa realización correu a cargo da Escola de Canteiros.


SEXTO.- O Concello de Redondela e a Comisión de Festas Virxe do Carme de Cesantes, deberán presentar, unha vez instalado o conxunto escultórico, a correspondente xustificación da publicidade do referido patrocinio, mediante reportaxe fotográfico, recortes de prensa, etc.

SÉPTIMO.- O presente Convenio de Colaboración terá establecida a súa vixencia ata o 31 de Decembro de 2014.

OITAVO.- Este Convenio de Colaboración non comportará ningunha relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre a Deputación de Pontevedra , o Concello de Redondela e a Comisión de Festas Virxe do Carme de Cesantes, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

As partes acordan a submisión do presente Convenio á orde xudicial contencioso-administrativa e expresamente ós xulgados do contencioso de Pontevedra.





escola de canteiros
de pontevedra

Illa do Santo, nº 2
36005 POIO (Pontevedra)
Teléfono: +34 986 833 075
Fax: +34 986 833 244
escola.canteiros@depo.es
www.depo.es

En proba de conformidade, asínase o presente Convenio no lugar e data
antes citados.

O ILMO.SR. PRESIDENTE DA
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA,

O EXCMO. SR. ALCALDE DO
CONCELLO DE REDONDELA,

Fdo: Rafael Louzán Abal

Fdo: Javier Bas Corugeira

A REPRESENTANTE DA COMISIÓN DE
FESTAS VIRXE DO CARME DE CESANTES

Fdo: Rosa González Cabaleiro

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demias
efectos

Pontevedra, 20 de Maio de 2014

O SECRETARIO



CONCELLO DE REDONDELA



Deputación
Pontevedra